

Pasapalabra

LETRA	DEFINICIÓN	PALABRA
A	Instrumento agrícola que chegou á Península durante a Idade dos metais e que servía para labrar as terras con menos esforzo e a máis velocidade.	
B	Metal que dá nome á segunda época da idade dos metais.	
C	Monumento megalítico que consistía en menhires introducidos no chan adoptando unha forma circular similar a un muro ou elipse.	
D	Monumento megalítico constituído por varias pedras grandes clavadas no chan verticalmente e unha ou varias postas horizontalmente a modo de cuberta.	
E	Invento que marca o final da Prehistoria e o inicio da Historia.	
F	Metal co que se fabricaban armas na última etapa da idade dos metais.	
G	Práctica que nace no Neolítico coa domesticación dos animais.	
H	Época que comeza despois da Prehistoria.	
I	Período da Prehistoria no que se descubriu a metalurxia.	
L	Invento moi importante do Paleolítico grazas ao cal podían quentar, cociñar, iluminar...	

M	Monumento megalítico que consistía nunha pedra grande cravada no chan de xeito vertical.	
N	Nome da segunda etapa da Prehistoria que significa “pedra nova”.	
O	Material, procedente dos animais, co que se fabricaban ferramentas e outros utensilios durante a Prehistoria.	
P	Nome da primeira etapa da Prehistoria que significa “pedra vella”.	
R	Pinturas que se facían nas covas na época prehistórica.	
S	Nome que reciben as persoas cando viven nun sitio fixo.	
T	Invento do Neolítico que serve para facer texidos.	
V	Pequenas esculturas de pedra ou de outros materiais que representan o corpo dunha muller espida. As primeiras son da época Paleolítica.	
X	Lugar onde hai unha concentración de restos arqueolóxicos.	
Contén o Z	Técnica que empregaban os humanos do paleolítico para atrapar animais salvaxes.	